

CONVENIOS DE COOPERACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ARTEIXO, VILAGARCÍA DE AROUSA, MAÑÓN, NOIA, CERVO, PONTEDEVA, VALGA, A GUARDA E ALLARIZ

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES,

DECLARA:

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 30 de xuño ao 31 de decembro de 2022.

Data sinatura	Descrición	Importe total
29/06/2022	Convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o concello de Arteixo para acometer as obras da renovación da pista de skate Ponte dos Brozos.	25.000,00 €

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de xullo ao 31 de decembro de 2023.

Data sinatura	Descrición	Importe total
12/07/2022	Convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e o concello de Vilagarcía de Arousa para obras de reparación e acondicionamento no pavillón polideportivo de Fontecarmoa.	350.000,00 €

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 02 de agosto ao 31 de decembro de 2022.

Data sinatura	Descrición	Importe total
01/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Mañón para acometer a construción de dúas pistas de pádel.	47.794,17 €
01/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Noia para a realización de obras de mellora do pavillón municipal.	38.559,99 €



Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 02 de agosto ao 31 de decembro de 2023.

Data sinatura	Descrición	Importe total
01/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Cervo para a realización de obras de renovación das pistas de atletismo en A Veiga.	350.000,00 €

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 04 de agosto ao 31 de decembro de 2022.

Data sinatura	Descrición	Importe total
03/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Pontedeiva para dotación de aparellos ximnásticos para local social de Freáns.	20.000,00 €

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 13 de agosto ao 31 de decembro de 2023.

Data sinatura	Descrición	Importe total
12/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Valga para a realización de obras necesarias para a substitución do pavimento da pista deportiva do Pavillón Municipal de Cordeiro.	130.413,37 €
12/08/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello da Guarda para a realización de obras de ampliación e reforma do pavillón municipal da Sangriña.	500.000,00 €

Que esta VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES-SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE formalizou cos concellos que se relacionan os instrumentos convencionais referidos por un período de vixencia que abrangue dende o 03 de setembro ao 31 de decembro de 2022.



Data sinatura	Descrición	Importe total
02/09/2022	Convenio de cooperación entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e o Concello de Allariz para a substitución do céspede sintético no campo de fútbol 11 número 1 na cidade deportiva de O Seixo.	65.000,00 €

Que os instrumentos convencionais teñen por obxecto *establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e os concellos relacionados para a execución das obras neles sinaladas.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que os instrumentos convencionais que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

I.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, sinala a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte.

O Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, atribúe á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias da comunidade autónoma en materia de deportes.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispón que os concellos exercerán, en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, nas seguintes materias: promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (artigo 25.2.l).

No marco da lexislación básica do Estado, a Lei 5/1997 establece que os concellos exercerán, entre outras, competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas (artigo 80.2.n), e poderán celebrar coa Xunta de Galicia convenios de cooperación para unha xestión máis eficaz das súas competencias (artigo 198).

A Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, contempla no seu artigo 8 a posibilidade de colaboración da Administración deportiva autonómica coas administracións locais.

II. As administracións públicas asinantes deste convenio son conscientes de que o incremento e mellora das condicións que esixe a práctica deportiva reclama unha mellor dotación de infraestruturas, de forma que permitan dar satisfacción á crecente demanda social existente na materia.

A Secretaría Xeral para o Deporte, no exercicio das súas competencias e funcións, ten previsto na súa planificación de mellora das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma de Galicia, actuacións que permitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas ou daquelas que presenten un maior interese deportivo. Neste sentido é de interese da



Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, a colaboración coas administracións locais para o fomento do deporte no ámbito municipal.

A necesidade de levar a cabo esta actuación, ven determinada pola importancia destes concellos para a promoción do deporte nas respectivas comarcas que comprendes, sendo actuacións imprescindibles para mellorar a condición dos deportistas nas diferentes disciplinas que se nomean. Desta circunstancia derívanse as razóns que acreditan o interese público da actuación, e xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, de acordo con disposto no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo tamén ao establecido no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

